

## ID#585

Bicerrán - Cambre - Malpica de Bergantiños, 1980-03

**Informante:** Manuel (73)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

10b

Voulles a contar señores  
un casamento d'aldea  
que se casou tío Naranxo  
con Marica a panadeira.

Esto foi cerca da Cruña  
na Mariña de Betanzos  
nunha aldea que se chama  
“a terra de poucos cartos”.

O tío Naranxo é bon mozo  
solo que tén moitas faltas  
unha xoroba nas costas  
que o fai andar de ghatas.

Xa está todo torcidiño  
desd'a cabez'ast'o cabo  
xa foi viúdo tres veces  
e tén ochent'e seis anos.

Marica é boa moza  
e fai un pan que rabea  
e tén setent'e set'anos  
e inda está solteira.

Un día o tío Naranxo  
indo camiño da feira  
tropezou sin querere  
con Maric' a Panadeira.

“Moi boas tardes Marica  
moi ben me sab'o teu pan  
quén me dera que ti foras  
a dona do meu nabale.”

“Pa ser eu a túa dona  
téste que casar primeiro  
e despois aprenderáse  
a vida do panadeiro.”

## ID#585



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

“Esa vida miña nena  
é moi boa d'aprenderere  
amasar e remexere  
todo é sacar e metere.”

“Tu pa casarte Naranxo  
vexote moi acabado  
e si te casas comigho  
vas a morrer de contado.”

“Non dighas eso Marica  
qu'eu non che pens'en morrere  
aunque me ves tan velliño  
aínda ch'hei dar que facere.”

“Os milaghros que tu faghas  
ben pouquiños han de sere  
que xa non podes cas pernas  
xa non te podes movere.”

“Non dighas eso Marica  
porque tás moi enganada  
qu'os homes canto máis vellos  
máis forza teñen na cama.

Deixa de contos Marica  
qu'os contos levouch'o vento  
si te queres casar conmigho  
tratémo-lo casamento.”

“Eu xa che tou rabeando”  
dixoll'a tía Marica  
“Pero quixera saber  
se m'has de dar böa vida.”

“Eu cartos non teño moitos  
pero tu tés bon oficio  
que todos os panadeiros  
poñense podres de ricos.

Pra que o pan dea máis peso  
mezclanlle millo ó trigho  
e pesan seiscentos ghramos  
e dicen que vai un quilo.

## ID#585



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

As trampas non s'acabaron  
eu se me caso contigo  
heime meter arrieiro  
e traficante de viños.

E despois miña Mãrica,  
xa verás chover diñeiro  
vendendo olas de viño  
dando augha por ribeiro.”

“Vexo que sabes Naranxo  
a'ghulla de mareare  
pero o que fai moitas trampas  
nunca ben pode acabare.

Pois neste mundo cochino  
o que non quer facer trampas  
nunca tuvo boa nena  
nin dormeu en boa cama.”

O día que se casaron  
era d'inverno e chovía  
resvalou o tiu Naranxo  
e caíu patas pa riba.

E logho que veu a noite  
foronse cedo prá cama  
pero o pobre de Naranxo  
non lle poido facer nada.

“Eu xa cho dixen Naranxo”  
dixoll'a tía Marica  
“Eu casar casei contigo  
per'a fame non ma quitas.”

Non vos caseades rapazas  
con homiños acabados  
buscade mozos noviños  
que respondan ós traballos.

E damos fin a este conto  
ata outra mellorada  
queira Dios que cando veñan  
veñan máis asazonadas.